



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 8 DE

XULLO DE 2013

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día oito de xullo de dous mil trece, baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde dona Maria Jesús González Roel, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 26 de xuño e 1 de xullo de 2013

A señora presidenta pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 26 de xuño e 1 de xullo de de 2013 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou o borrador correspondente ao día 26 de xuño de 2013. A Xunta de Goberno Local acordou deixar o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2013 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

2º.- Correspondencia

- Correo da Fundación Miguel Angel Blanco, de data do día 1 de xullo de 2013, no que comunica que os vindeiros días 10 e 12 de xullo se cumprirán dezaseis anos do secuestro e asasinato de Miguel Angel Blanco e con tal motivo solicita que entre os días 10 e 13 de xullo vindeiros, no lugar que lembra a Miguel Angel Blanco e ás vítimas do terrorismo, se depositen unhas flores como sentida homenaxe pola súa memoria.

- Orde do 26 de xuño de 2013, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2013, e se procede á súa convocatoria. (Diario Oficial de Galicia número 125, de data do día 3 de xullo de 2013).

- Escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, rexistrado de entrada con data do día 4 de xullo do ano que andamos, co número 9.200, no que comunica que co fin de atender as necesidades educativas deste concello solicita a desafectación da vivenda do conserxe do CEIP Wenceslao Fernández Flórez para usos educativos, concretamente, para dúas aulas de Educación Primaria.

- Lei 9/2013, de 4 de xullo, pola que se modifica a Lei 16/1987, de 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres e a Lei 21/2003, de 7 de xullo de seguridade aérea. (Boletín Oficial do Estado número 160, de data do día 5 de xullo de 2013).

- Orde ESS/1271/2013, de 24 de xuño, do Ministerio de Empleo y Seguridad Social, pola que se modifican a Orde do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, de 14 de novembro de 2001, pola que se regulan o programa de escolas taller e casas de oficios y as unidades de promoción e desenvolvemento e se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións públicas aos citados programas e a Orde do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, de 14 de novembro de 2001, pola que se desenvolve o Real decreto 282/1999, de 22 de febreiro, polo que se establece o programa de talleres de emprego, e se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións públicas ao citado programa. (Boletín Oficial do Estado número 161, de data do día 6 de xullo de 2013).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta María Vázquez Golpe informa que o pasado día 3 de xullo rematou o prazo para presentar a solicitude de postos na feira tradicional de Cambre. Engade que se presentaron noventa e unha solicitudes no referido prazo, dun total de noventa e sete postos, ademais dalgunha que se presentou fóra de prazo. O máis probable é que se chegue a cubrir a totalidade de postos deseñados nos planos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A continuación, tamén informa que o xoves, día 4, asistíu xunto con dona Maria Jesús González Roel ás xornadas de difusión dos produtos do mar, organizados polo grupo de acción costeira "Golfo Ártabro". Engade que no citado acto tiveron ocasión de felicitar a Casa Celia, a cal foi premiada co distintivo de "cómete o mar". Continúa dicindo que en Portomuiños foi galardoada como o establecemento que mellor prepara as tapas con produtos do mar de todos os participantes. Di que entre os participantes se encontraban O Refugio, O Gallo de Oro, entre outros.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que o vindeiro día 27 de xullo terá lugar o campionato de escolas de ciclismo categoría cadetes e xuvenís no polígono industrial. Tamén dos días 16 a 18 de xullo terá lugar o campus de tecnificación de baloncesto no polideportivo Sofía Toro, de Cambre. Continúa a dicir que dos días 20 a 21 se efectuará un clinic técnico de baloncesto que terá lugar tamén no polideportivo Sofía Toro.

A continuación, informa que xa recibiron a documentación das empresas para contratar a construción de vestiarios no campo de fútbol Once Caballeros.

Para rematar a súa intervención, don Fernando Caride Suárez informa que se están a realizar os labores de mantemento nas pistas exteriores das parroquias do municipio.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que se asinou o contrato relativo ao "servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual de cunetas de titularidade municipal no Concello de Cambre".

A continuación, informa que se presentaron nove ofertas para o expediente referido ao "Aforro e mellora da eficiencia enerxética mediante a implantación de reductores estabilizadores de tensión, interruptores astronómicos e luminarias anticontaminantes lumínicas nas iluminacións exteriores do Concello de Cambre".

Seguidamente, don Felipe Andreu Barallobre informa que o pasado día 5 rematou o prazo para presentar a documentación da contratación da produción e actuacións artísticas do XXII Festival "Rock in Cambre 2013".

Están en prazo para presentar ofertas para o POS 2013 e para o expediente de "Implantación da plataforma de administración electrónica AL SIGM no Concello de Cambre".

Tamén informa que a empresa que xestiona os campamentos para os mozos Vida Láctea solicitou a prórroga.

En relación co expediente de axuda a domicilio, don Felipe Andreu Barallobre informa que se cambian os pregos co obxecto de cambialo para xestión de servizos públicos, co fin de dar cumprimento ao establecido na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia e no Decreto 99/2012, de 16 de marzo.

Para rematar a súa intervención, don Felipe Andreu Barallobre informa que hai que resolver quen lles vai a impartir o curso teórico práctico para a brigada contraincendios, formada por un enxeñeiro, un capataz e dous peóns. Hai que ver a indumentaria que necesitan, o tema do todoterreo, obras que ver, quen será o responsable, e quen serán os membros do tribunal para a selección.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que ao longo desta semana presentarán no concello o proxecto de execución da escola infantil e que se procurará informalo o máis axiña posible.

A continuación, tamén informa respecto do escrito da excma. Deputación provincial da Coruña, rexistrado de entrada con data do día 5 do mes que andamos, ao que achega auto do Xulgado Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña, de data 19 de xuño de 2013, en relación co recurso número PO 154/2005, peza execución 107/10, no que se autoriza a entrada na vivenda situada no Espírito Santo, 14, Cecebre, para executar a orde de derrubamento das obras consistentes na ampliación da planta baixa e planta alta da vivenda.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que estes días teñen problemas nalgunha zona coa auga, especialmente en Eira de Arriba e que hai algunha reclamación. Engade que cre é importante publicar un bando aconsellando aos veciños co fin de que usen a auga de forma racional.

Seguidamente informa que comezaron a rozar o xoves pasado. Empezaron pola zona da estrada de Meixigo a San Lorenzo, dado que ten moita circulación, é dicir, se fixeron primeiro as estradas que máis circulación teñen.

Tamén informa que solicitan na Barcala, nas explanadas de aglomerado ao lado dos parques infantís, que se pinten os xogos tradicionais.

A continuación informa que aproveitando as obras que se están a facer en Anceis, hai veciños que están dispostos a ceder o terreo para ampliar a estrada, o que sucede é que algunha finca queda moi alta e habería que facer un muro alto para conter a terra.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Para rematar a súa intervención, don Manuel Marante Gómez informa que estivo estudando onde colocar a depuradora na parroquia de Andeiro, xunto ao lavadoiro. Di que chegou á conclusión que é mellor facer a depuradora en Brexo, ao lado da estrada de Santa María de Vigo, fronte ao cruzamento coa estrada a Andeiro. Continúa a dicir que cun bombeo que se puxera na estrada da Veiga, se podería sanear todas as casas de Andeiro ademais das da parte sur de Brexo Lema. Da parroquia de Santa María de Vigo, falouse con algúns veciños próximos ao río, pero non se adoptou ningún acordo. Posiblemente falará con xente máis preto a Santa María de Vigo.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro xoves día 11 de xullo do ano que andamos, ás 20.30 horas se inaugurará a exposición do escultor Francisco Escudero. Terá lugar na sala de exposicións da biblioteca de Cambre e engade que é unha exposición organizada pola excma. Deputación provincial, a cal xa está organizada dende primeiros de ano.

A continuación, informa que o vindeiro sábado día 13 de xullo do ano que andamos, a partir das 17.00 horas, se desenvolverá o XXIII festival de música e baile tradicional "As Mariñas de Cambre", con actuacións de bailes rexionais e tamén das 12.00 a 20.00 terá lugar a feira de artesanía, con postos ambulantes de artesáns.

Tamén informa que o pasado venres día 5 de xullo se inaugurou a Casa da Cultura, con moito éxito do público.

Para finalizar, informa que o sábado día 6 de xullo, ás 21.00 horas, actuou a Coral de Cambre, coa obra "Viva la zarzuela" no auditorio do parque da Igrexa, en Cambre.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona María Jesús González Roel informa que o vindeiro luns día 15 terá lugar a reinauguración do local da terceira idade do Temple. Engade que se lle fixo un amaño moi grande e se tratará de incentivar para que as persoas maiores o coñezan e se realizarán moitas actividades.

A continuación, informa que recibiron moitos agradecementos polo bo funcionamento do banco de libros de texto e tamén quere agradecer o labor e traballo das ANPAS de Cambre para que isto chegase a bo termo.

Para rematar a súa intervención, dona María Jesús González Roel informa que dende a área de Cultura lle comentaron esta mañá que queren intentar presentar para o vindeiro pleno a aprobación do prezo público por actividades culturais, dado que ten que estar

5

aprobado a primeiros do mes de setembro. Engade que se intentará presentalo, aínda que sexa fóra da orde do día, ou ben, nun pleno extraordinario, se o hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta



María Jesús González Roel

A secretaria



María Luisa de la Red Ampudia